

Cada 9 de xuño celébrase o Día Internacional dos Arquivos. O Arquivo do Reino de Galicia súmase á celebración organizando un conxunto de actividades para dar a coñecer o seu traballo.

O obradoiro de investigación é unha iniciación ao manexo de fontes documentais.

Os documentos escritos dos arquivos son unha fonte primaria para a Historia e o coñecemento en xeral.

Son pegadas que deixaron as persoas doutras épocas, unha invitación a aproximarnos ao seu xeito de actuar, pensar e comprender o mundo no que vivían.

O obradoiro de encadernación abre ao público a función do laboratorio de restauración, que se ocupa da conservación dos documentos.

O programa de actividades complétase coas tradicionais visitas guiadas, un percorrido polas instalacións e os fondos que compoñen o Arquivo do Reino de Galicia, un arquivo de todas e todos.

Día Internacional dos Arquivos 9 de xuño de 2019

Arquivo do Reino de Galicia



actividades
no arquivo

actividades de balde

inscricións: arq.reino.galicia@xunta.gal
881 960 360
sala de consulta do arquivo

actividades no arquivo

mércores 5 de xuño

17.00 h obradoiro de encadernación copta

18.00 h visita guiada ao arquivo

xoves 6 de xuño

11.00 h obradoiro de encadernación copta

13.00 h visita guiada ao arquivo

17.00 h obradoiro básico de investigación:
os tratamentos médicos no século XVIII

venres 7 de xuño

11.00 h obradoiro básico de investigación:
os tratamentos médicos no século XVIII

Actividades dirixidas a persoas adultas. Prazas limitadas.

A asignación de prazas seguirá a orde de inscrición.

As persoas interesadas deberán cubrir o boletín de inscrición e remitilo ao correo arq.reino.galicia@xunta.gal ou entregalo na sala de consulta do arquivo.

boletín de inscricións

nome:

apelidos:

idade:

teléfono de contacto:

endereço electrónico:

Indique as actividade/s nas que desexa inscribirse por orde de preferencia:

orde	obradoiro	día	hora
1			
2			
3			

En cumprimento da Lei orgánica **3/2018**, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos expresados neste boletín de inscrición serán incorporados a un ficheiro titularidade da Consellería de Cultura e Turismo, coa finalidade de xestionar os servizos de difusión do arquivo e con finalidades estatísticas. O interesado ou o seu representante legal pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación ou cancelación en calquera momento.